


## Análise das enquisas de satisfacción realizado pola Comisión de Título

(Comisión Título 12/01/2016, aprobado na Comisión de Calidade do 24/01/2016)

As enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese son parte fundamental do proceso de seguimento da titulación e do proceso de garantía e mellora da calidade e polo tanto á participación nas mesmas é de especial relevancia. A figura 1 deste informe recolle a participación en porcentaxe dos diferentes grupos de interese do Grao en Óptica e Optometría neste proceso de medida



**Figura 1:** Porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese

Na figura 1, se observa que o grupo cunha maior participación nas enquisas de satisfacción é o Persoal de Administración e Servizos, que participa neste proceso de medición de calidade a nivel de centro. A valoración do PAS da súa satisfacción co seu traballo é de 3,5 sobre 5, alcanzando o mesmo valor que no curso anterior e lixeiramente inferior á media da USC que é dun 3,6. En relación ao seu posto de traballo, no ítem 1: as súas funcións e responsabilidades están claramente definidas, a enquisa amosa unha puntuación media de 2,25. Neste ítem a puntuación é 1 punto por debaixo da do curso pasado e está tamén 1 punto por debaixo da media da USC. Tamén baixou 1 punto con respecto á enquisa do curso 2014-2015 a puntuación do ítem 2 “O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado”, alcanzando un valor de 2 para este curso. Neste sentido, o PAS presente na Comisión de Título indica que as cualificacións destes ítems poden deberse en primeiro lugar a que moitos deles realizan tarefas que, aínda que non están recoñecidas entre as súas funcións na Relación de Postos de Traballo da USC, son imprescindibles para o bo funcionamento do centro, en segundo lugar, indican que a definición das tarefas correspondentes a algúns postos, en concreto os postos de Técnicos de investigación destinados nos laboratorios docentes, no se redefiniu dende hai anos. É de salientar a

implicación do PAS na mellora da calidade e a comunicación entre o persoal da unidade e os usuarios. Pola contra, o PAS da Facultade non se amosa satisfeito coa formación recibida para a realización do seu traballo ao puntuar dito ítem cun 2,75, igual que no curso anterior e por debaixo da media da USC aínda que o 50% participou nos cursos de formación ofertados neste curso pola USC dentro do programa de formación. O PAS representado na comisión de título fai constar que a unidade de apoio á xestión neste curso 2015-2016 estaba formada por un só traballador e que a enquisa inclúe administración, conserxería e técnicos de investigación que funcionalmente dependen de unidades diferentes e polo tanto os datos amosados nesta enquisa deben considerarse con cautela.

O segundo grupo con maior participación nas enquisas de satisfacción é o profesorado. Temos que aclarar que o 47,92% de participación deste grupo de interese está calculado para esta facultade en función das respostas das enquisas de satisfacción coa docencia impartida que será obxecto de análise no informe das enquisas de docencia. En relación á satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas, sinalar que o informe remitido pola ACMP refírese a todo o PDI da USC, polo que non hai datos da satisfacción coas actividades formativas desenvolvidas polo profesorado do centro. Na enquisa de profesorado coa docencia impartida si que se consideran ítems relacionados cos recursos do centro e da USC axeitados para a práctica docente, neste ítem a puntuación outorgada polo PDI vai aumentando lentamente dende hai dous cursos (3,32 no 2013/2014, 3,39 no 2014/2015 e 3,40 no 2015/2016). O 25% do profesorado do centro participou nalgún curso do programa de formación de PDI da USC durante o curso 2015-2016, o que xustifica a baixada do 90,91% ao 70,37% na porcentaxe de profesorado do centro interesado en recibir formación de apoio para a mellora da docencia en relación tanto a novas tecnoloxías como a apoio didáctico e pedagóxico xeral. En relación á mobilidade do profesorado sinalar que só o 2,08% do PDI da facultade participou en programas de mobilidade.

Os alumnos participan no proceso de medida da súa satisfacción a través da realización de diferentes tipos de enquisas. Todos os alumnos do grao realizan una enquisa de satisfacción sobre a docencia recibida, e a esta enquisa é á que se refire a participación do 30% da figura 1. Aqueles alumnos que realizan prácticas externas, no Grao en Óptica e Optometría “Prácticas Tuteladas”, realizan una enquisa de satisfacción có programa de prácticas externas. Ademais, os alumnos que participan en programas de mobilidade tanto entrante como saínte da USC realizan una enquisa de satisfacción en relación a ditos programas. A análise das enquisas correspondentes á docencia recibida, ás prácticas tuteladas e das enquisas propias realizadas no centro realizarase no informe de satisfacción coa docencia.

A baixa participación dos estudantes do Grao en Óptica e Optometría nos programas de mobilidade é una realidade innegable pese a que a Facultade de Óptica e Optometría da USC oferta prazas dentro do Programa SICUE e recentemente, firmou un convenio ERASMUS coa Universidade do Minho. Dentro dos programas nacionais, a baixa participación pode deberse a varios motivos: a grande diferenza que existe na distribución das materias entre os distintos Graos en Óptica e Optometría en España supón para os alumnos a perda de un curso académico se realizan un destes intercambios ademais, a alta taxa de emprego dos recen titulados en Óptica e Optometría xustifica o interese do alumnado en rematar os seus estudos á maior brevidade posible. A práctica clínica é fundamental no desenvolvemento da profesión de Óptico-Optometrista e adquirir máis destrezas e habilidades neste eido podería xustificar o intercambio de alumnado con outras universidades, sen embargo neste senso é necesario remarcar que o Grao da USC é o Grao de España con máis práctica clínica. No curso 2015/2016 non se enviou nin se recibiu ningún alumno dentro de ningún Programa de mobilidade.

Os titores externos participan no proceso de medida da súa satisfacción dentro dunha materia do Grao que son as “Prácticas Tuteladas”. Aínda que estas enquisas están directamente relacionadas cunha materia do plan de estudos, abordamos neste informe a súa análise ao non ser estritamente considerados docentes do plan de estudos. A súa participación nas enquisas de satisfacción aumentou considerablemente pasando dun 11,11% no curso anterior a un 17,78% no curso 2015-2016. O indicador do Grao de satisfacción xeral dos Titores externos co programa de prácticas, IN20G-PC-09, alcanza un valor lixeiramente inferior ao do curso pasado, un 4,27 sobre 5 (4,38 sobre 5 no curso 2014-2015). Cabe destacar que a valoración dos titores externos sobre a formación inicial de coñecementos teórico prácticos do alumnado para cumprir coas actividades que lle foron asignadas aumentou lixeiramente con respecto á súa valoración do curso anterior (dun 4 a un 4,13) mentres que diminuíu a valoración da formación inicial de competencias profesionais do alumnado (dun 3,75 no curso 14/15 a un 3,63 no curso 15/16). Tamén diminuíron as valoracións da integración do alumnado no medio de traballo e do grao de cumprimento por parte de este das actividades asignadas. Sen embargo, hai que salientar que as valoracións en case todos os ítems da enquisa de satisfacción supera a media global dos programas de prácticas externas da USC. Considérase que estes resultados non son significativos debido á baixa taxa de participación dos titores externos

En relación ao Grao de satisfacción dos titores académicos de prácticas externas queremos facer constar que no Grao en Óptica e Optometría, ata o curso 2015/2016, había un só profesor responsable da titorización dos alumnos de prácticas tuteladas. Dito profesor xubilouse en agosto do 2016, polo que non realizou a enquisa de satisfacción correspondente e non se dispón

de ningún indicador para o curso 2015/2016. A este respecto, sinalar que a Facultade creou unha Comisión de Prácticas Tuteladas que se constituíu con data 18/10/2016, que será a encargada de supervisar, titorizar e avaliar o programa de prácticas nos seguintes cursos académicos.

A participación do alumnado egresado nas enquisa de satisfacción (11,48%) duplicou a do curso pasado (5,88%). No curso 2015-2016, a valoración global dos alumnos egresados respecto á formación tanto teórica como práctica recibida na titulación é de 3,14 sobre 5, estando por debaixo da media da USC na valoración da formación teórica (3,56) e por riba da media (2,67) na formación práctica. No informe da enquisa de satisfacción dos egresados proporcionado pola Área de Calidade, as valoracións máis baixas dos egresados corresponden á contribución da titulación ao potenciamento da súa capacidade de traballo en equipo (2,57/5), da súa capacidade de análise (3,14/5) e da súa capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións dentro do ámbito de estudo (3,14), coincidindo en este último aspecto co que se pode extraer das enquisas do alumnado do Grao e nos tres casos por debaixo da media da USC nestes ítems. Pola contra, os egresados valoran moito o programas de prácticas externas (4/5) por riba da media da USC. En relación á organización do Grao valoran cun 3,14 sobre 5 a organización académica xeral do título, tamén por riba da media da USC neste ítem (2,95). En relación á información pública dispoñible, as valoracións do título nos diferentes ítems son superiores á media da USC, así por exemplo, a valoración que outorgan os nosos egresados á páxina web da USC é de 4,14, e á páxina web da titulación de 3,29, en ambos casos por riba do valor medio da Universidade. Segundo o informe da enquisa, o atención recibida no Decanato do centro valórase cun 2,33, por debaixo da media da USC. Neste sentido, unha das accións de mellora xurdida do proceso de acreditación que se puxo en marcha a finais do curso 2015-2016 consistiu na creación dun buzón de queixas e suxestións na páxina web e na sistematización do procedemento de recollida de queixas e suxestións.